

ESTRUCTURA PROBAS LIBRES

Ciclo Medio	Condución de actividades físico-deportivas no medio natural
Módulo	Desprazamento, estadía e seguridade no medio terrestre

Craterios de avaliación

- Realizar itinerarios a pe en baixa-media montaña (con diferente desnivel) con mochila cargada para realizar unha actividade segura
- Diseñar itinerarios adaptados a un grupo en concreto marcando todos os elementos que ten que conter.
- Orientar correctamente o mapa.
- Calcular coordenadas xeográficas e UTM.
- Calcular distancias reducidas e xeométricas.
- Calcular a pendente (absoluta e relativa) dun tramo.
- Saber orientarse por medios naturais e usando un mapa e/ou brúxula.
- Elaborar un perfil dunha ruta.
- Localizar puntos no mapa e na realidade gracias a técnica de triangulación.
- Coñecer o funcionamento e saber utilizar perfectamente: a brúxula..
- Coñecer e utilizar, en función do terreo a técnica de progresión máis axeitada
- Coñecer e saber valorar os indicadores de perigo no medio.
- Calcular a declinación magnética para unha zona, e correxila no mapa e na bruxula.
- Calcular o tempo dunha ruta.
- Saber instruír a un grupo, dunha forma segura.
- Dinamizar as actividades no medio natural.
- Coñecer a flora e fauna local.
- Realizar todos os nós esixidos e coñecer o seu uso.
- Coñecer e saber empregar correctamente as técnicas de aseguramento con distinto material (gri-gri, reverso, dinámico...)
- Coñecer, saber explicar as características do material e equipamento máis común, e utilízalo correctamente nas prácticas.
- Saber interpretar un mapa meteorolóxico.
- Coñecer e distinguir os indicadores meteorolóxicos e realizar pequenas prediccións.
- Coñecer e explicar as repercusións ambientais destas prácticas.
- Ser capaz de montar unha tenda correctamente.

- Gravar puntos no GPS, e localizalos.
- Gravar e seguir un track no GPS.
- Utiliza-lo material de seguridade e coñecer as súas características.
- Identifica-los signos internacionais de SOS.
- Emitir mensaxes polo walkie, ou movil, determinando o tipo de información útil para lles transmitir os servicios de asistencia en situación de rescate.
- Realizar un rapel autoasegurado.
- Asegurar correctamente un rapel estando so, ou con outra persoa asegurando.
- Ser capaz de avanzar un tramo vertical, ca axuda das mans, estando asegurado.
- Chapar correctamente.
- Recoñecer perigos subxetivos e obxetivos en situación previas á actividade.
- Ser capaz de analizar os perigos subxetivos e obxetivos dun accidente, así como as posibles pautas preventivas para que non se produza un accidente similar.

Tipo de proba

A proba constará de dúas partes:

- a) Teórica: 40 preguntas test e 6 preguntas cortas
- b) Teórica-práctica con mapa: 10 exercicios sobre localización de puntos mediante coordenadas xeográficas e UTM, cálculo de distancia reducida e xeográfica, cálculo de pendente, interpretación de curvas de nivel, cálculo de rumbos e azimuth con e sen mapa, cálculo de declinación magnética, triangulación, cálculo de tempos.

Procedementos de avaliación

Cada parte ten unha puntuación total de 10 puntos. Será necesario obter unha valoración igual ou superior a 5 en cada unha das partes da proba para aprobar. Cando así sexa, a cualificación final da proba será a media aritmética das dúas probas.

A proba teórica consta de 40 preguntas test con 4 posibles respostas, das que so unha é a correcta. Cada resposta tipo test correcta suma 0,1 puntos. As respostas incorrectas ou non contestadas non restan. As preguntas cortas suman 6 puntos.

Material necesario

DNI para a identificación do/a alumno/a.

Proba teórica: Bolígrafo.

Proba teórica con mapa: Lápiz, goma, bolígrafo, regras, escuadra e cartabón, brúxula, coordinatógrafo (recomendado), mapa IGN de Porto do Son (recomendado) e calculadora.



IES DE PORTO DO SON

As Laxes 18- Porto do Son | Tfno. 881866707 | www.ieson.gal